



A invasión británica ou *British Invasion* foi o movemento musical predominante en Estados Unidos cara mediados dos anos 60, cando grupos de rock procedentes do Reino Unido alcanzaron gran popularidade a raíz do éxito de **The Beatles**. Todos eles, claramente influenciados polo rock and roll estadounidense, o blues e o rhythm & blues, eran capaces de elaborar cancións sinxelas e pegadizas.






THE BEATLES



Os Beatles formáronse en Liverpool a principios da década, e tras varias formacións, os seus membros definitivos foron, desde 1962, John Lennon (guitarra), Paul McCartney (baixo), George Harrison (guitarra) e Ringo Starr (batería). Nese mesmo ano, e logo de varios meses de tocar en Hamburgo (Alemania), e tamén en Liverpool, sobre todo no *Cavern Club*, entran en contacto co *manager* Brian Epstein e o produtor da compañía EMI George Martin. Así, gravarán en Londres os seus dous primeiros éxitos: *Love Me Do* e *Please Please Me*

Desde o primeiro momento, os principais compositores foron Lennon e McCartney, que se centraron en crear melodías doadamente recoñecibles e en traballar as harmonías vocais, baixo a dirección de George Martin (máis tarde foi alcumado “o quinto Beatle”). En 1963 Epstein tivo a idea de publicar un album con 14 temas gravados nos **estudios Abbey Road**, en Londres. A recopilación, titulada *Please Please Me*, chegou rapidamente ó nº 1 das listas de éxitos, como farían todos os seus LPs de alí en diante. A canción *She Loves You*, editada como *single*, vendeu 750.000 copias nun mes






Como consecuencia do éxito, xurdiu a *beatlemania*: os seus concertos no Reino Unido eran auténticos fenómenos de masas, chegando a causar mesmo a preocupación da clase política. A finais de 1963 editaron o seu segundo LP, titulado *With The Beatles*, do que se extraíu o *single*

I Want To Hold Your Hand. Este tema foi un enorme éxito tamén nos Estados Unidos de América, e este feito considérase propiamente o inicio da *British Invasion*: o desembarco dos Beatles en Norteamérica e a súa conversión nunha bomba mediática a nivel mundial

En moitos países do planeta os mozos non só escoitaban as cancións dos Beatles, senón que mesmo imitaban o seu xeito de vestir ou de peitearse. A banda principiou en 1964 unha xira mundial moi intensa (cunha aparición estelar no programa *Ed Sullivan Show*, en EE.UU.), ata o punto de que os membros do grupo quedaron moi cansos, non só no físico, senón tamén no psicolóxico: a escasa potencia da amplificación da época, unida ó tamaño dos locais donde tocaban e o ruído producido polo público, facía que non se escoitase case ningún son, tanto no escenario como fóra del.



Por outra parte, nesta época coñeceron a *Bob Dylan*, a quen admiraban e quen os introduciu no consumo do *cannabis*. A influencia musical e vital do cantautor notaríase nas seguintes composicións da banda






Durante 1964 e 1965, con gran esforzo, a banda simultanea actuacións con gravacións de novos discos, dous dos cales acompañaron a estrea de dúas películas: *A Hard Day's Night* e *Help!*, as dúas dirixidas por Richard Lester. O disco *Help!* introducía novidades como o emprego de novas instrumentacións, nomeadamente o cuarteto de corda de *Yesterday*. A finais de 1965, o LP *Rubber Soul* marca un novo fito na súa evolución, con letras máis elaboradas e certos experimentos sonoros. Por esta época, comezan a tomar LSD para explorar novos camiños creativos.

A experimentación sonora e literaria continuou co album *Revolver*, publicado en 1966. O 29 de agosto de aquel ano deron o seu derradeiro concerto: logo de 1.400 actuacións en 4 anos, o grupo decidiu afastarse do estrés das xiras e centrarse só na gravación de discos. Como resultado, en 1967 viu a luz, precedido por un *single*, *Sgt. Pepper's Lonely Hearts Club Band*, para moitos o nacemento do pop-rock tal e como se entendería despois: foi o primeiro album en conter unha serie de cancións ligadas tematicamente, o primeiro en incluír as letras das cancións, e o deseño da súa portada incluía as caras de moitas persoas claves na historia do s. XX





En xuño daquel ano, 1967, interpretaron en directo para TV un novo single,

All You Need Is Love, que se

converteu nun himno do movemento hippy, que vivía os seus momentos álxidos, sobre todo en EE.UU. En agosto, invitados por

Maharishi Mahesh Yogi, viaxaron á India para iniciarse nas técnicas de meditación transcendental.

Mentres estaban alí, o seu manager, Brian Epstein, morría en circunstancias pouco claras. Á súa volta ó Reino Unido, gravan imaxes e música para unha película de TV:


Magical Mystery Tour, en gran medida unha continuación de

Sgt. Pepper's

Pouco antes saíu á venta The Beatles (tamén coñecido como *White Album*, pola súa portada), un dobre LP que contiña os resultados creativos da súa estadía na India. Esa experiencia non rematou ben, xa que Lennon, McCartney e Starr abandonaron precipitadamente a convivencia co Maharishi, desenganándose tanto das súas ensinanzas como da súa persoa. Ademais, comezaron a aparecer desavenencias entre a banda, principalmente a raíz da relación entre Lennon e a artista xaponesa *Yoko-Ono*, a quen deixaba participar na elaboración dos temas, para disgusto, sobre todo, de Harrison e McCartney

The BEATLES





As relacións entre os membros da banda, particularmente entre Lennon e McCartney estaban xa totalmente rotas a finais de 1968.

Durante varios meses de 1969, nun ambiente pésimo, gravaron cancións para o que serían os seus dous derradeiros LPs:

Abbey Road, que se publicou en 1969, e *Let It Be*, editado en 1970, aínda que

a súa gravación se completara en . O 30 de xaneiro do 69 tocaron xuntos diante dun público por derradeira vez, na azotea do edificio *Apple*, en Londres, chamado así por ser a sede do selo discográfico que eles mesmos formaran pouco tempo atrás

Durante a década dos 70, cada un dos catro ex-Beatles publicaron traballos en solitario, mais desde logo sen acadar o mesmo éxito que tiveran xuntos.

En 1980, John Lennon morría asasinado á porta da súa vivenda en Nova York, e George Harrison faleceu debido a un cancro de pulmón en 2001. Paul McCartney e Ringo Starr (sobre todo o primeiro) continúan en activo, tanto con proxectos individuais como realizando colaboracións e outras actividades relacionadas coa música.

A pegada dos Beatles na música e, aínda máis, na cultura popular, é, a estas alturas, imposible de eludir

